

## **ORDENANZA FISCAL nº 40, REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

Se modifican os artigos dous a cinco, sete e oito da Ordenanza que terán a seguinte redacción :

### **Artigo 1.- Natureza e fundamento.**

En uso das facultades conferidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e artigo 331 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas e declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, de conformidade co previsto nos artigos 20.4.i) e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, urbanísticas, ambientais e de seguridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou pola lexislación autonómica ou estatal para o seu normal funcionamento, ben como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento, ben como consecuencia das declaracións responsables ou comunicacións previas ao inicio de actividade ou apertura de establecementos que sexan procedentes e que deban ser obxecto de control posterior.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación ou calquera outra alteración da actividade desenvolvida no establecemento ou instalación, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación ou reforma dos establecementos ou instalacións e calquera alteración que se leve a cabo nestes e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

d) Os traslados de locais

e) Os trasposos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

3. Aos efectos desta taxa entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, este ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

4. Non estará suxeitos á presente taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteñan no novo establecemento a actividade anterior ao traslado:

- a) Como consecuencia de derrubamento.
- b) De declaración de estado ruinoso.
- c) Expropiación forzosa realizada polo Concello.

5. Os cambios de denominación social que non supoñan ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da licenza nin na actividade desenvolvida non implicarán ningún pago en concepto desta taxa.

Non terán a consideración de traspasos ou cambios de titularidade, os efectos desta taxa, e están exentos, os que se refiran as licenzas de apertura concedidas a favor dunha comunidade de bens, cando o novo titular sexa un membro de dita comunidade, ou cando o cambio teña lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantís, nas que se produza unha subrogación universal do activo ou pasivo delas.

### **ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES**

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretendan levar a cabo ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento mercantil, industrial ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar ou se é o caso, porque presente declaración responsable.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003 , do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 4º. BASE IMPOÑIBLE**

1. A base imponible está constituída atendendo ao procedemento de intervención administrativa que se siga no Concello de Mondoñedo en relación coa actividade real que se pretenda exercer en cada establecemento, e que se encontre suxeita a licenza o a declaración responsable.

2. Para a liquidación da taxa por concesión de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento, ben declaracións responsables ou

comunicacións previas, establécense as seguintes tarifas en función do procedemento que lle corresponda:

Tarifa I: Procedementos relacionados coas licenzas de actividade, apertura ou funcionamento, declaracións responsables ou comunicacións previas de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Tarifa II : Cambios de titularidade de actividades.

Tarifa III: Modificacións de licenzas de establecementos previamente autorizados ou declaracións responsables ou comunicacións previas de modificacións, ampliacións e reformas de actividades preexistentes.

Tarifa IV: Actividades ocasionais e temporais.

3. As tarifas e importes das cotas a aboar por esta taxa serán as seguintes:

**TARIFA I: Licenzas de actividade, apertura ou funcionamento, declaracións responsables ou comunicacións previas de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.**

As cotas desta tarifa dependerán do procedemento regulado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como da superficie do mesmo.

A estes efectos se distinguirá entre:

- a) Procedementos relacionados coa concesión de licenzas para establecementos de nova implantación:
  - a. Ata 200 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 313,28 €
  - b. De 201 m<sup>2</sup> útiles a 500 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 469,92 €
  - c. De 501 m<sup>2</sup> útiles a 750 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 626,56 €
  - d. De 751 m<sup>2</sup> útiles a 1.000 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 783,19 €
  - e. De máis de 1.001 m<sup>2</sup> útiles a 2.000 m<sup>2</sup>, devengarán unha cota de 939,84 €
  - f. De máis de 2.000 m<sup>2</sup> útiles, devengarán unha cota de 2.088,52 €
- b) Procedementos de declaración responsable ou comunicación previa sobre establecementos de nova implantación:
  - a. Ata 200 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 208,85 €
  - b. De 201 m<sup>2</sup> útiles a 500 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 313,28 €
  - c. De 501 m<sup>2</sup> útiles a 750 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 417,70 €
  - d. De 751 m<sup>2</sup> útiles a 1.000 m<sup>2</sup> útiles, devengará unha cota de 522,14 €
  - e. De máis de 1.001 m<sup>2</sup> útiles a 2.000 m<sup>2</sup>, devengarán unha cota de 626,56 €
  - f. De máis de 2.000 m<sup>2</sup> útiles, devengarán unha cota de 1.409,76 €

**TARIFA II: Cambios de titularidade de actividades.**

As actuacións administrativas ocasionadas polo cambio de titularidade devengarán o 10 % da tarifa I, tanto no caso de cambio de titularidade de licenza de actividade, apertura ou funcionamento, como no de declaración responsable ou comunicación previa.

**TARIFA III: Modificacións de licenzas de establecementos previamente autorizados ou declaracións responsables ou comunicacións previas de modificacións, ampliacións e reformas de actividades preexistentes.**

Os establecementos e actividade xa legalizadas e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións substanciais, que alteren e modifiquen a licenza, declaración responsable ou comunicación previa anterior, aboarán a cota equivalente á licenza de nova implantación. No caso de que a ampliación de superficie non afecte ás instalacións autorizadas, se tomará como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.

**ARTIGO 5º DEVENGO**

1. A presente taxa se devengará e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude da licenza de actividade, apertura ou funcionamento ou, se fora o caso, na data de presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

2. De facerse a apertura sen ter concedida a licenza ou realizada a comunicación previa ou declaración responsable, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente, a taxa devengarase ao iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún xeito pola clausura da actividade, suspensión temporal da mesma, desistimento ou renuncia .

**Artigo 6.- Exencións e bonificacións.**

De conformidade co disposto no artigo 9 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, non se recoñece ningún beneficio tributario, coa salvidade dos que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan en normas con rango de lei.

**ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTION**

1.-A liquidación das taxas realizarase seguindo as seguintes normas:

a) Nos supostos suxeitos a previa licenza, o interesado deberá presentar o xustificante de pagamento da autoliquidación da débeda polo importe que sexa aplicable segundo esta Ordenanza, xunto coa solicitude da licenza. De non se presentar o documento xustificativo do pagamento da autoliquidación, non se procederá á tramitación da solicitude.

b) Nos supostos de comunicación previa ou declaración responsable, o interesado deberá presentar, xunto coa mesma, xustificante de pagamento da autoliquidación do importe da taxa segundo a tarifa que corresponda á vista desta Ordenanza.

c) Nos supostos de comunicación de cambios de titularidade, deberase presentar, xunto coa solicitude ou comunicación, xustificante do pagamento da autoliquidación da taxa correspondente.

2.-Cando a Administración local teña coñecemento da realización dunha actividade ou da apertura dun establecemento que estea suxeita a licenza ou comunicación previa ou declaración responsable, sen terse producido a solicitude ou comunicación ao Concello, procederá de oficio ao inicio, de xeito automático, do correspondente procedemento de comprobación tributaria –sexa de xestión ou de inspección-, que será simultáneo ao expediente que se tramite para a verificación do cumprimento das condicións que a normativa sectorial aplicable esixa para o efecto

3.-Os pagamentos de autoliquidación terá o carácter de provisional e será a conta da liquidación definitiva, no caso de que proceda.

### **Artigo 8.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como a determinación de sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

### **Disposición adicional única. Modelos de documentos.**

Facúltase ao Sr. Alcalde para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

### **Disposición derogatoria.**

A presente Ordenanza derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza.

### **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIGENCIA.- Para facer constar que esta ordenanza foi aprobada provisionalmente o 31 de xullo de 2015, publicada no B.O.P. 189, de 19 de agosto do 2015, aprobada definitivamente no B.O.P. nº 229, o día 6 de outubro do 2015.